



Consideracións

A área funcional de A Coruña, formada polas comarcas de A Coruña, Betanzos, Fisterra, Terra de Soneira e Bergantiños, presenta **realidades socioeconómicas heteroxéneas**, existindo, ao igual que acontece no conxunto de Galicia, disparidades intracomarcais entre os concellos costeiros e os do interior.

Demografía e territorio

Os indicadores demográficos reflicten unha importante **concentración** da poboación nas comarcas de A Coruña e Bergantiños, que en conxunto acollen a 8,5 de cada 10 habitantes da área funcional, e sobre todo no concello de A Coruña, onde reside máis do 45% da poboación total da área funcional. Nesta área funcional aínda que cuantitativamente menos relevante, cualitativamente é importante ter en conta a poboación residente nos concellos de Carballo ou Betanzos que con 30.091 e 13.328 habitantes respectivamente no ano 2007, son os concellos da área funcional que, fora da zona de influencia do concello de A Coruña, acollen a un maior volume de poboación.

Unha das características básicas da poboación da área funcional é o seu envellecemento, circunstancia especialmente significativa na comarca de Betanzos, onde a poboación maior de 70 anos residente é un 265% superior á poboación menor de 14 anos. O CES entende que a tendencia ao envellecemento da poboación acentuarase nos vindeiros anos, xa que o crecemento vexetativo amosa un saldo negativo nas cinco comarcas que compoñen a área funcional de A Coruña.

Neste senso, cómpre salientar o elevado dinamismo da comarca de A Coruña, que no período 1998-2007 experimentou unha medra da súa poboación do 9,8% (5,8% no conxunto da área funcional), máis de catro puntos superior á media galega, fronte ao resto das catro comarcas da área funcional que no mesmo período experimentaron taxas negativas de incremento poboacional.

As elevadas taxas de incremento da poboación en concellos como Culleredo, Cambre ou Sada, entre outros, poden ser, en gran parte explicadas, polo forte auxe do prezo da vivenda no concello de A Coruña, o que, unido á proximidade xeográfica á capital provincial, favorece o asentamento de poboación nos citados concellos. Neste senso, e tendo en conta os concellos galegos de máis de 50.000 habitantes, destacar que o concello de A Coruña é segundo en importancia en canto a prezo máis elevado do m² de vivenda nova (2.424 euros/m²), por detrás do concello de Vigo (2.986 euros/m²), e o primeiro cando se analiza o prezo do m² de vivenda usada (1.995 euros/m²).

O CES entende que o incremento exponencial da poboación en concellos como Cambre ou Culleredo debería ir acompañado dunha planificación das comunicacións axeitada á presión demográfica que na actualidade existe nos citados concellos, o que, unido a unha dotación de servizos suficiente, a un crecemento urbanístico ordenado e a unha estrutura comercial e de ocio axeitada, contribúen á consecución dunha maior calidade de vida.

Os efectos do ata agora sinalado maniféstanse na elevada importancia que para o conxunto da área funcional teñen os movementos de inmigración e emigración interior con orixe e destino en Galicia. No que respecta ás inmigracións e emigracións dende ou cara a outras Comunidades Autónomas, as máis importantes en canto a procedencia e destino de inmigración son as de Madrid, Canarias e Cataluña.

Realidade económica e social

No devandito contexto de heteroxeneidade existente, e no que aos indicadores demográficos se refire, as comarcas de A Coruña e Fisterra presentan os datos máis positivos das cinco comarcas da área funcional en canto á evolución dos índices de vellez e infancia. As dúas comarcas presentan un índice de vellez inferior á media galega, e un índice de infancia superior, semellante no caso da comarca de Fisterra. Na comarca de A Coruña, o índice de vellez é inferior á media provincial, e o índice de infancia é superior a citada media provincial.

Os índices de vellez e sobreenvellecemento existentes na área funcional reflíctense tamén en elevados índices de dependencia de maiores e en reducidos índices de reemprazo da poboación en idade potencialmente activa.

A área funcional de A Coruña presenta unha renda familiar bruta dispoñible por habitante (RFBD/hab.) e un valor engadido bruto per cápita (VEB/hab.) superiores aos valores medios rexistrados no conxunto da provincia de A Coruña. Sen embargo a renda familiar bruta dispoñible por habitante na área funcional é inferior ao nivel medio galego e estatal (11.833 e 13.309 euros por habitante respectivamente), a nivel comarcal só a comarca de A Coruña supera a media provincial e galega con 12.177 euros por habitante. O VEB/hab. do conxunto da área funcional é aproximadamente un 10% superior á media da provincia de A Coruña e un 14% superior á media galega, aínda que inferior á media estatal (20.864 euros por habitante).

O índice de produtividade para o ano 2001 a nivel municipal, calculado en función do rateo entre o valor engadido bruto total e a poboación ocupada con base Galicia=100, pode ser unha medida da eficiencia económica na produción nos diferentes concellos, destacando na área funcional de A Coruña a existencia de índices de produtividade superiores á media galega en todas as comarcas agás na de Terra de Soneira, salientando a nivel municipal o concello de Dumbría cun índice de 304.

Os índices de participación territorial amosan para o conxunto da área funcional un elevado índice de actividade económica, que no ano 2005, representa o 54,9% do índice provincial total. Mentres que o seu índice de poboación representa o 47,9% do rexistrado na provincia de A Coruña, o índice industrial supón o 52,3%. Por contra, o índice turístico da área representa o 44% do índice turístico total provincial.

Loxicamente, o concello de A Coruña é o que presenta os maiores valores nos diferentes índices. Mentres que o índice de poboación representa o 45,9% do valor do índice para o conxunto da área funcional e o índice industrial o 48,3%, o índice turístico do concello, cun valor de 1.415 unidades, supón o 69% do valor correspondente ao conxunto da área. Comparado cos valores rexistrados no conxunto de Galicia, a participación territorial deste concello é do 8,9% e do 14,4% no caso da poboación e da actividade económica, mentres que o índice turístico é o 14,1% do valor total galego. Neste senso cabe

destacar tamén a importancia do concello de Arteixo que, cunha poboación que representa o 1% da poboación galega total no ano 2006, acolle o 3,2% da actividade industrial e o 1,7% da actividade económica do conxunto de Galicia.

Tendo en conta que o valor do índice turístico indica a participación de cada concello sobre unha base de 10.000 unidades para Galicia, cómpre salientar a escasa relevancia do índice turístico nos concellos costeiros da área funcional, onde a excepción do citado concello de A Coruña e do concello de Oleiros, non acadan en ningún caso valores superiores a 100, moi inferiores aos rexistrados en municipios turísticos da provincia de Pontevedra, que obteñen valores superiores a 500 e 400 en determinados concellos.

Se comparamos os índices de participación territorial correspondentes á poboación e á actividade económica, tanto para o conxunto da área funcional, como en sete concellos da mesma, o índice de actividade económica é superior ao de poboación: Arteixo, Bergondo, A Coruña, Betanzos, Curtis, Cee e Dumbría. Os restantes 28 concellos que compoñen a área funcional de A Coruña presentan índices de poboación superiores aos índices de actividade industrial, do mesmo xeito que acontece a nivel comarcal, agás no caso da comarca de A Coruña.

Finalmente, a análise dos datos máis representativos da área comercial de A Coruña mostra como un total de 490.146 persoas realizan directamente as súas compras na cabeceira da área comercial, que se corresponde co concello de A Coruña. Así o mercado potencial do concello de A Coruña é o máis importante de Galicia, seguido do mercado potencial de Vigo.

Do estudo da capacidade de consumo e do mercado potencial do concello de A Coruña dedúcese que, dada a poboación e gasto medio por habitante, o volume do mercado potencial de A Coruña é de 1.105 millóns de euros, dos que 830 millóns de euros corresponden ao mercado potencial local e os restantes 275 millóns de euros, ao mercado potencial do resto da área comercial e do turismo.

Emprego

A área funcional de A Coruña presenta para o ano 2001 unhas taxas de actividade e ocupación superiores ás rexistradas na provincia de A Coruña e no conxunto de Galicia e unha taxa de desemprego lixeiramente inferior. Como principal limitación á hora de analizar a situación do mercado de traballo nas diferentes comarcas galegas, cómpre salientar a falta de estatísticas actualizadas, xa que a principal fonte de información, o *Censo de poboación e vivendas*, é do ano 2001; por outra banda, dada a diferenza temporal dos datos existentes, é, cando menos, pouco fiable, extraer conclusións relativas ao mercado de traballo, xa que mentres as taxas de ocupación e de actividade fan referencia a datos do ano 2001, os datos relativos ao paro rexistrado son do ano 2007.

A análise, dende o punto de vista do volume de poboación ocupada, do tecido empresarial da área funcional comparado co conxunto de Galicia, reflicte a elevada importancia relativa dos sectores servizos e construción na área funcional, e o menor peso relativo do sector industrial. Así mesmo, a ocupación nos sectores agrícola e pesqueiro presenta na área funcional un peso porcentual inferior ao existente no conxunto da economía galega, fundamentalmente no caso do sector agrícola. Dende o punto de vista da situación profesional da poboación ocupada na área funcional, cómpre salientar o elevado número de empresarios con e sen asalariados existente na área, que no ano 2001 ascendían a 41.013 empresarios.

A comarca de A Coruña acolle ao 71,6% da poboación ocupada total no ano 2001 na área funcional, sendo especialmente relevante a ocupación dos sectores servizos e industrial, que representa respectivamente o 81,1% e o 66,1% das ocupacións nos citados sectores no conxunto da área funcional de A Coruña.

No que respecta ás familias profesionais máis contratadas nas comarcas da área funcional ao longo do ano 2006, hai que destacar que a diferenza entre os contratados nun ámbito territorial e a media dos demandantes nun mesmo período temporal (saldo neto) é positivo para o conxunto das familias profesionais analizadas na comarca de A Coruña, así como na gran maioría das familias analizadas nas catro comarcas restantes; este dato é indicativo da existencia dun superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego preferentes, isto implica que o mercado de traballo da área funcional é capaz de absorber todas as demandas de emprego existentes, o que indicaría a mobilidade dos demandantes en dito grupo ocupacional, aspecto que podería mostrar a existencia dun mercado laboral flexible e dinámico.

No que atinxe aos datos de contratación é importante salientar o incremento do número de contratos no conxunto da área funcional do ano 2007 con respecto ao ano anterior, estando destinados o maior número de novos contratos á contratación feminina.

En relación ao paro rexistrado na área funcional no ano 2007 son, igualmente, os sectores servizos e industria os de maior paro rexistrado con 16.957 e 4.939 persoas paradas respectivamente na área funcional no citado ano 2007. Neste senso o 50,4% do paro rexistrado na provincia de A Coruña no ano 2007 está localizado na área funcional de A Coruña (29.225 parados), do que o 68,5% pertence á comarca de A Coruña.

Sectores produtivos

Da análise do tecido empresarial da área funcional de A Coruña conclúese, como característica básica, a condición de medianas e pequenas que ostentan a gran maioría das empresas que o compoñen. Así, ao igual que acontece no conxunto de Galicia, na área funcional de A Coruña 6,5 de cada 10 empresas teñen dous ou menos asalariados e case oito de cada dez empregan a cinco ou menos asalariados.

Polo contrario as grandes empresas, con máis de 250 asalariados, localizadas na área funcional ascenderon no ano 2006 a 32, 12 de máis de 500 asalariados e 20 con máis de 250 e menos de 500 asalariados; 31 das 32 grandes empresas da área funcional están localizadas na comarca de A Coruña, así como 11 das 12 empresas de máis de 500 asalariados da área funcional.

No que respecta ao dinamismo empresarial existente nesta área funcional, destacar que 7 das 10 empresas gacela máis importantes por volume de ingresos, segundo Ardán, están na área funcional de A Coruña. O mesmo sucede coas empresas que teñen o cualificativo de “*xeradoras de riqueza*”, xa que nesta zona se localizan 35 das 37 empresas que merecen este cualificativo en Galicia.

En conxunto, a importancia porcentual en relación ao conxunto de Galicia, do número de empresas, da riqueza ou VEB xerado polas empresas con sede social nas cinco comarcas analizadas, así como o seu volume de negocio, é moi superior ao peso que a poboación ten no conxunto da Comunidade; neste senso, mentres que a poboación empadroadada nestas comarcas representa o 19,3% da poboación galega, no ano 2005, o número de empresas representa o 31,2% do total de empresas localizadas en Galicia, e a creación de riqueza e os ingresos de explotación supoñen máis do 30% do total galego.

A área funcional caracterízase por un maior peso, tanto en termos absolutos coma relativos, do subsector de bens de consumo dentro do sector industrial e do sector da construción. Deste xeito, en termos do VEB xerado polas empresas dos diferentes sectores, o subsector de bens de consumo acada un VEB c.f. no ano 2005 de máis de 1.584 millóns de euros (o 34,7% do VEB total xerado na área funcional no sinalado ano) e o sector da construción acada un VEB c.f. de 1.200 millón de euros, o que supón o 26,3% do VEB total.

A comarca de A Coruña acolle o 33,4% do VEB c.f. das empresas consideradas por Ardán no con-

xunto de Galicia, e o 26% dos ingresos de explotación, sendo deste xeito a primeira comarca en importancia en canto ás dúas variables consideradas, do conxunto das comarcas galegas. Así mesmo, cómpre salientar que entre as quince primeiras comarcas galegas atópanse tamén as comarcas de Bergantiños e Betanzos, que acollen o 1,1% e o 1% respectivamente do VEB así como o 1,3% e o 2,2% do volume total de negocio. Neste senso na área funcional analizada observamos a existencia dunha forte concentración empresarial na comarca de A Coruña.

No que respecta ao sector primario e, en concreto, á actividade pesqueira é importante salientar que a lonxa da Coruña é a terceira no ámbito galego en canto a volume de descarga de pesca fresca e representa o 19,8% do valor da pesca fresca descargada en Galicia.

A estrutura empresarial da comarca de A Coruña indica que a actividade produtiva máis importante en termos de xeración de riqueza é a de “comercio retalista de prendas de vestir”, onde as empresas do grupo INDITEX (Zara España, S.A., Bershka Bsk España, S.A., Grupo Massimo Dutti, S.A., Stradivarius España, S.A. Pull & Bear España, S.A., Kiddy's Class España, S.A., Oysho España, S.A.) xera case o 100% do valor engadido bruto da actividade na comarca, así como o 26,3% do VEB c.f. total da comarca de A Coruña. É importante sinalar que o concello de Arteixo concentra o 72% do total do valor engadido xerado polo sector empresarial nesta área funcional. Neste senso na comarca de A Coruña destacan as actividades do téxtil, seguidas en importancia en canto a valor engadido xerado, das actividades de construción e servizos, tais como os promotores de obras, os contratistas xerais e o sector de autoestradas, pontes e túneles de peaxe.

A actividade de contratistas xerais e a industria conserveira son as máis importantes na comarca de Bergantiños en canto a xeración de riqueza, ao acoller o 10,1% e o 8,4% do valor engadido bruto total xerado en Galicia.

Nas tres restantes comarcas da área funcional, Fisterra, Bergantiños e Terra de Soneira, o sector servizos é o que acolle a un maior número de empresas, en concreto o subsector de comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas, ciclomotores, artigos persoais e de uso doméstico.

Finalmente, o sector comercial ten gran peso no concello da Coruña, onde se concentra a maior parte dos establecementos de comercio retalista e onde a densidade comercial é maior. Cómpre sinalar que na actualidade existen proxectos para ampliar a superficie comercial que experimentará un crecemento importante nos tres próximos anos na cidade da Coruña e os seus arredores. O común denominador dos novos proxectos é que se sitúan no arrabalde actual da Coruña ou en concellos veciños, isto terá, sen dúbida, repercusión sobre o volume de emprego e sobre a estrutura económica da área funcional, na que o sector servizos pasará a ter un maior peso en detrimento do sector industrial.

Panorama social

Para levar a cabo o estudo do panorama social da área funcional de A Coruña téñense en conta os seguintes ámbitos: vivenda, educación, saúde e servizos sociais.

Na área funcional de A Coruña, tal como se sinala no Censo de Poboación e Vivendas de 2001, o réxime de tenza de vivendas máis estendido é o de propiedade; así o 75% das vivendas totais da área funcional son en propiedade, das que o 22,3% teñen pagos pendentes, porcentaxe que se eleva ata o 28,7% na comarca de A Coruña. Nas cinco comarcas que compoñen a área funcional de A Coruña, as vivendas en propiedade pagadas son as que presentan unha maior porcentaxe entre os diferentes réximes de propiedade.

No que se refire ao ámbito educacional, na área funcional de A Coruña existen taxas de analfabetismo dispares entre as cinco comarcas que compoñen a área funcional; así as comarcas de A Coruña e

Bergantiños presenta taxas de analfabetismo inferiores ou similares, respectivamente, ás da provincia de A Coruña e do conxunto de Galicia (2% e 2,1% respectivamente), mentres que as tres comarcas restantes, Betanzos, Fisterra e Terra de Soneira, acadan taxas de analfabetismo superiores ás citadas medias provincial e galega, destacando a comarca de Terra de Soneira, que acada unha taxa de analfabetismo do 5,7%, sendo a taxa de analfabetismo feminino nesta comarca do 8,6%. Destaca así mesmo que a poboación masculina con niveles de estudos de bacharelato elemental, ESO ou EXB completo, bacharelato superior, FP I ou FP II é un 2,5% superior á poboación feminina da área funcional con ese nivel de estudos, sen embargo a poboación masculina residente na área funcional de A Coruña cunha diplomatura, licenciatura ou doutoramento é un 20% inferior á poboación feminina con ese nivel de estudos.

No ámbito sanitario, a poboación residente con tarxeta sanitaria, en marzo de 2008, nos concellos de influencia do Complexo Hospitalario Juan Canalejo e na Fundación pública Hospital Virxe da Xunqueira, ascendeu a 502.546 e 42.882 persoas respectivamente, para as que a área funcional conta con 7.124 camas funcionantes.

As listas de espera para hospitalización cirúrxica a 31 de decembro de 2007 ascendían a 6.195 pacientes no C.H. Universitario Juan Canalejo e a 500 pacientes na F.P.H. Virxe da Xunqueira, sendo a espera media de 81 e 63 días respectivamente. No que respecta á espera media para consultas externas, esta era de 71 e 41 días respectivamente.

En relación á asistencia a maiores e menores na área funcional de A Coruña, é necesario salientar en primeiro lugar que, no que respecta á asistencia a maiores, no ano 2006 a poboación maior de 65 anos na área funcional ascendeu a 100.586, sendo o total de prazas residenciais na citada data de 4.375, e acadándose polo tanto un índice de cobertura do 4,3, comparativamente elevado en relación ao índice de cobertura galego e estatal; sen embargo, se só temos en conta as prazas residenciais públicas (1.112) este índice sería do 1,1.

No que atinxe á cobertura de menores de 4 anos en garderías públicas e privadas, na área funcional de A Coruña no ano 2006 o total de prazas de garderías, tanto privadas como municipais, propias ou de iniciativa social ascendeu a 4.455, sendo o número de menores de 4 anos residentes na área funcional a un de xaneiro de 2006 de 20.307, polo que o índice de cobertura mostra que existen 4,5 nenos por cada praza de gardería. Destacar tamén o feito de que só o 30,6% do total de prazas de gardería existentes na área funcional de A Coruña se corresponden con garderías de titularidade municipal.

Desenvolvemento territorial

O estudo do desenvolvemento territorial da área funcional de A Coruña baséase, en gran medida, na análise das infraestruturas existentes e programadas na zona.

O CES entende que o importante crecemento demográfico acaecido nas áreas metropolitanas galegas e, en concreto no que respecta á área funcional analizada, na área metropolitana de A Coruña, non se veu correspondido coa imprescindible planificación e dotación de infraestruturas de transporte; neste senso o CES considera que os concellos que conforman o espazo metropolitano de A Coruña, deberían traballar cara a unha maior coordinación na elaboración dos plans urbanísticos tendo en conta todos os elementos e dotacións que garantan a mellora sostible da calidade de vida da cidadanía.

O CES considera que se debería de actuar nunha dobre vertente, por unha banda a través da creación dunha rede intermodal, tendo en conta as estradas e ferrocarril e, por outra banda, a través da planificación dos sistemas de transporte, incentivando o transporte colectivo, creando unha Autoridade Coordinadora do Transporte para a planificación e unha Autoridade Única para a xestión global da oferta de transporte que opere no ámbito da área metropolitana de A Coruña, como nun espazo único.

Por outra parte, o CES entende que se debe ter en conta o feito de que as importantes potencialidades turísticas das poboacións do litoral das cinco comarcas da área funcional de A Coruña, están vinculadas a unha modernización das redes de comunicación, que nestes momentos son claramente insuficientes e deficientes.

- **Rede viaria**

En relación á rede viaria da área funcional de A Coruña, o CES considera urxente a execución das medidas previstas así como de novas actuacións necesarias, entre as que se destacan pola súa importancia:

- A terceira ronda que desconxestione a Ronda de Outeiro, que conecte os polígonos da Grela e Pocomaco e que á súa vez conecte estes coas autoestradas A-6 e A-9, incluíndo, na medida en que sexa tecnicamente posible, carrís adicionais nas zonas de maior intensidade de tráfico.

- A Vía Ártabra, que comunique os concellos de Sada, Oleiros, Cambre e Culleredo entre si e cada un deles coa cidade da Coruña a través da rede de autoestradas.

- A vía de acceso ao aeroporto de Alvedro, aeroporto que experimentou un notable incremento de pasaxeiros no ano 2007

- Novo acceso a Pocomaco e Feáns desde Alfonso Molina.

- Ampliación ao terceiro carril na A-9 entre a saída do Burgo e A Coruña, contemplando a posible conxestión que pode provocarse.

- Construción, a medio prazo, dunha estrada de alta capacidade ou ampliación, evitando os núcleos de poboación, da actual estrada A Coruña-Carballo, que represente unha alternativa eficaz á autoestrada de peaxe.

- Construción, xa en fase de adxudicación, da autovía Carballo-Berdoias e a súa continuidade ata Cee e Fisterra.

- Construción dunha estrada de alta capacidade que conecte o polígono de Bértoa, en fase de ampliación, e Carballo con Santiago e coa AP 9.

- Construción dunha circunvalación en Carballo.

- Continuidade da A-55 até a Costa da Morte por medio dunha vía de alta capacidade libre de peaxe.

- Construción dunha vía directa desde a Costa da Morte á capital de Galicia.

- Mellora das infraestruturas viarias de comunicación entre a Costa da Morte (Fisterra) e o Porto Exterior de A Coruña.

- Conexión do porto exterior de Punta Langosteira coa rede ferroviaria e ampliación desa rede con Carballo e o polígono de Bértoa, que con máis de 1.500.000 m². suporá un importante polo de desenvolvemento na comarca, así como a ampliación do porto de Brens.

- Mellora da conexión do polígono de Morás e do porto actual coa AP-9.

No que respecta ao transporte de viaxeiros/as por estrada, o CES entende necesario:

- A creación dun servizo público de transportes, dando resposta cumprida ás necesidades de transporte aos polígonos industriais.
- A creación dun transporte metropolitano que abranca aos dez concellos da comarca de A Coruña.
- Evitar o solapamento das liñas metropolitanas con liñas de longo percorrido, garantindo o cumprimento dos horarios e a súa racionalización.

• Ferrocarril

O ferrocarril é unha das infraestruturas físicas imprescindibles nas sociedades modernas. O transporte ferroviario, tanto de viaxeiros como de mercadorías, é un factor de desenvolvemento social e económico innegable obxectivamente.

Unha das carencias máis graves nas infraestruturas da área funcional é o transporte ferroviario, tras décadas de abandono está nunha situación de decadencia, de ineficacia e de incapacidade para participar nun sistema intermodal de transporte ao servizo das persoas e da actividade produtiva.

Tanto no que respecta ás comunicacións co exterior como nos servizos de proximidade, o ferrocarril está chamado a desempeñar un papel fundamental no futuro, polo que o CES considera que se debería de estudar a posibilidade de levar a cabo as seguintes actuacións:

- Inclusión do transporte de mercadorías no ferrocarril de Alta Velocidade
- Está por definir parte do trazado da conexión A Coruña - Ferrol, sendo un tramo distinto do actual o de Betanzos - A Coruña .
- A liña actual Betanzos - A Coruña, que quedará sen servizo pasa por núcleos de poboación cun importante desenvolvemento demográfico nos últimos anos (Cambre, A Barcala, O Burgo, Acea da Ma, Fonteculler, ...), polo tanto ese trazado ferroviario debería ser aproveitado para servizos de proximidade.
- Creación dunha rede ferroviaria de proximidade, aproveitando e mellorando as infraestruturas actuais de A Coruña - Betanzos - Ferrol, A Coruña - Betanzos - Oza dos Ríos - Curtis.
- Estudo de viabilidade para comprobar se son rendibles novas vías de ferrocarril, particularmente unha liña A Coruña - Carballo - Corcubión, como medio de transporte de persoas e de mercadorías, para a vertebración das comarcas da área funcional.

• Transporte marítimo

Dentro dunha política integral e de carácter multimodal, tendo en conta a localización costeira de importantes núcleos do concello de Oleiros (Santa Cruz, Mera) e a cidade da Coruña, o CES entende que se deberían de contemplar solucións de mobilidade que tivesen en conta o transporte marítimo.

Esas solucións deberían ser postas en marcha, nun principio con carácter experimental, nos meses de verán. Pero non como unha solución exclusivamente turística, senón tendo en conta as actividades laborais e as de ocio e servizos. Para iso debería ter en conta a conexión con outros modos de trans-

porte (autobús, tren) nas proximidades dos peiraos onde presten servizo. Así mesmo, dentro desas mesmas zoas débense construír aparcadoiros.

- **Solo empresarial**

O CES considera que, a pesar da grande concentración de solo industrial na área funcional e, en concreto na comarca de A Coruña, existe escaseza de solo industrial dispoñible, polo que o CES entende que se debería de axilizar o desenvolvemento dos parques empresariais programados na área funcional, así como dotar aos polígonos industriais de redes de alta capacidade para a utilización das novas tecnoloxías de información e comunicación.

Neste senso, e de forma xeral, o CES considera que no conxunto da área funcional é necesario resolver as deficiencias nas liñas de telefonía fixa e de cobertura en telefonía móbil, así como acadar a conexión a internet por banda ancha no conxunto dos núcleos de poboación, e mellorar a rede enerxética, particularmente a rede eléctrica, nas comarcas periféricas.

- **Medio ambiente**

No que respecta ao medio ambiente na área funcional de A Coruña, o CES entende necesario subliñar a situación de deterioro que sofre a ría do Burgo, afectando directamente aos concellos de A Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros.

O CES considera fundamental o saneamento integral do litoral e a elaboración e posta en funcionamento de Plans de recuperación así como o control dos vertidos, especialmente na Ría do Burgo e na Ría de Corcubión, así como os Plans de saneamento das comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, dando prioridade aos núcleos costeiros e as vilas de maior entidade. ■